



FINALIDADE (TIPO DE ACTIVIDADE)

Entrevista a unha persoa de cada colectivo da comunidade educativa.



DURACIÓN

Actividade dividida en varias sesións, xa que é preciso organizar unhas entrevistas.



MATERIAIS

Ordenador con conexión a internet.
Ficha anexa (modelo caderno de notas). Bolígrafos/lapiseiro. Papel continuo. Rotuladores de cores.



OBXECTIVO

Dar a opinión e investigar sobre o que pensan outras persoas sobre diferentes aspectos da educación, como inflúen as situacións de pobreza infantil e adolescente na igualdade de oportunidades educativas e propor melloras.



ANTES DA ACTIVIDADE

Antes de la actividad
Ver cada unha das noticias por parte do equipo educativo para ver se se queren presentar todas ou elixir algunhas, así coma entender que se di para poder explicar ó grupo sen ter que se deter exhaustivamente en cada noticia, o que levaría moito tempo.

“ENTREVISTA Ó TEU COLEXIO”

DESENVOLVEMENTO

1º. Ensínase ó grupo diversas novas que falan sobre a pobreza infantil e a educación. Fálase sobre a súa opinión ó respecto e vanse apuntando as opinións nun papelógrafo. .

- [Educación integral: clave para romper los círculos de pobreza y violencia de miles de menores.](#)
- [Un sistema educativo que atornilla la pobreza.](#)
- [La vuelta al cole más compleja.](#)
- [Expertos en educación advierten de la “urgente necesidad” de garantizar el comedor escolar a niños en riesgo de pobreza.](#)
- [Alimenta su educación.](#)

2º. Entre todo o grupo lese o artigo 28 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito á educación.

- Art. 28 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno á educación e, a fin de que poida exercer progresivamente en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito”.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para mozas e mozos de 9 a 12 anos. ([versión pdf](#)).

3º. Convidase ó grupo a seguir a investigar sobre estas cuestións, ver se ocorre na contorna máis próxima e que o causa ou condiciona.

Para isto se lles propón facer entrevistas a diferentes persoas da comunidade educativa (un/unha compañeiro/a, a un/unha profesor/a e a unha mamá

ou papá ou persoa educadora coa que se conviva) para que valoren os titulares que se lles leron ó principio da actividade.

Estas preguntas decídense entre todo o grupo, para que tódalas entrevistas sexan iguais.

4º. Unha vez pensadas as preguntas para a entrevista, fanse equipos e cada un entrevista a un/unha compañeiro/a, a un/unha profesor/a e a unha mamá ou papá ou persoa educadora coa que se conviva. As respostas anótanse no caderno de notas.

5º. Cando finalice o tempo marcado para face-las entrevistas, o grupo vólvese a reunir e pónense en común as ideas recollidas nas entrevistas. Anótanse no papelógrafo do inicio da actividade, reagrupando as ideas parecidas en “nubes de opinión”.

6º. Finalmente ábrese unha choiva de ideas sobre propostas que se poderían dar para solucionar algunhas das cuestións que estean anotadas no papelógrafo para que haxa igualdade de oportunidades para tódalas nenas, nenos e adolescentes respecto á educación.

Un exemplo. Se unha das opinións que dá o grupo ó comezo é que non todo o mundo pode ter acceso ós libros de texto e algunhas das persoas entrevistadas fala sobre o mesmo tema, escríbese a proposta xunto a esta nube de opinión: que se faga un troco de libros de texto ou que non haxa libros de texto e sexan fichas que se poidan imprimir ou que haxa máis becas para libros de texto.

9 A 12
ANOS



Educativo

“ENTREVISTA Ó TEU COLEXIO”

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Que viches/que sabes (observación)

- Que noticia fala de infancia e pobreza?
- Tódolos colexios teñen os mesmos recursos (materiais, actividades, profesorado, etc.)? Por que?

Que pensas (reflexión)

- Credes que tódalas nenas e nenos teñen as mesmas oportunidades en educación no noso país? Por que credes que pasa iso?
- Como credes que afecta a unha nena ou neno na súa educación que estea nunha situación de pobreza?

Que propós (propostas)

- Que se debería facer para asegurarse que tódalas nenas e nenos teñan igualdade de oportunidades no colexio, teñan a situación económica que teñan?
- Como se podería conseguir que as nenas e nenos que máis o necesitan tiveran os mesmos recursos educativos?

SUXESTIÓNS PARA A ACTIVIDADE

Pódese motivar dándolle connotacións de “equipo de investigación”, coma se fosen periodistas.

LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

9 A 12
ANOS



Educativo

9 A 12
ANOS



Educativo

ANEXO 1

Ficha anexa
(modelo
caderno de
notas)

